

Conxuntura estatística do ámbito cultural. Maio de 2022

DOI: 10.17075/ceacm.2022

Introdución

Este informe constitúe a quinta conxuntura estatística do ámbito cultural en Galicia que realiza o Consello da Cultura Galega e ten como obxectivo dar continuidade a unha serie de informes publicados a partir do primeiro semestre de 2020¹ para dar conta da situación pola que atravesaba o sector

DOCUMENTOS
DE TRABALLO
CCG

¹ http://www.consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Conxuntura-laboral-do-mes-de-marzo-de-2020-nas-principais-ramas-de-actividade-cultural.pdf
http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Conxuntura-estatistica-do-ambito-cultural-Xuno-de-2020.pdf



Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal



cultural galego a raíz da crise da COVID-19. En outubro de 2020² constatábase que o ritmo na creación de empresas era peor para o conxunto da economía que para o ámbito cultural. Pola contra, o comercio exterior víase máis prexudicado no eido da cultura ca no resto das actividades. A última conxuntura³, publicada en novembro de 2021, indicaba que se producía unha recuperación das actividades culturais. De feito, as actividades artísticas e creativas, que foran as que máis sufriran a crise provocada polo parón que se produciu durante a pandemia, comezaban a crear emprego e o ritmo de creación de empresas culturais acadaba cifras semellantes ás do ano anterior á declaración da pandemia. No que se refire aos indicadores sectoriais da cultura, destacábase que o cine reducira a súa actividade drasticamente, mentres que a edición experimentaba certa melloría no número de libros editados, especialmente en galego, debido ao incremento substancial da edición dixital. Outros datos que corroboran esta recuperación referíanse ao gasto público e o das familias en cultura que tamén se incrementaba.

Nesta conxuntura de maio de 2022, ademais de actualizar os datos anteriores, como os de creación de empresas, emprego cultural, gasto público en cultura, comercio exterior, IPC, confianza dos consumidores, contabilidade trimestral e gasto das familias, tamén se incorporaron datos novos das distintas fontes estatísticas de cultura que se foron actualizando este ano. Descríbense os datos referentes aos museos e coleccións museográficas e aos bens de interese cultural. Tamén se dá información sobre artes escénicas e musicais procedente do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música (INAEM) e dos anuarios da Sociedad General de Autores y Editores (SGAE). Por último, incluíronse datos sobre turismo cultural.

Creación de empresas


Segundo a explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil*, durante o período que abrangue de marzo de 2021 a marzo de 2022, creáronse en Ga-

² http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Outubro-de-2020.pdf

³ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_Conxuntura-estadistica-do-ambito-cultural-Novembro-de-2021.pdf

licia 117 empresas culturais, das que un 43,6% son as que realizan actividades de publicidade e estudos de mercado (51), seguido das actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical (21). O total de empresas culturais supón un 2,7% do total de empresas creadas en Galicia neste período.

Número de empresas culturais creadas por tipo de actividade entre marzo 2021 e marzo 2022




Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)*

Por provincias, foi na da Coruña onde se crearon máis empresas neste período (56), seguida da de Pontevedra (43). Moi por detrás están as provincias de Lugo e Ourense, onde se crearon 10 empresas en cada unha.




Empresas culturais creadas por provincias entre marzo 2021 e marzo 2022



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

En canto á evolución por meses da cifra de empresas culturais no período que vai de marzo de 2021 ata marzo de 2022, pódese observar na seguinte gráfica que o mes de xullo de 2021 foi o que rexistrou a cifra máis elevada de empresas creadas (14). Logo sufriu un descenso significativo ata decembro. A partir de aí foise recuperando.

Evolución do número de empresas creadas entre marzo de 2021 e marzo de 2022



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

Se se comparan os datos absolutos de creación de empresas culturais neste período co período que comprende marzo de 2019 a marzo de 2020 (149), pódese comprobar que o ritmo de creación de empresas é algo inferior neste momento.

Comercio exterior e intracomunitario

Esta estatística procede dunha explotación elaborada polo IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria. Para a obtención dos datos por produtos utilízanse as clasificacións TARIC (Arancel Integrado das Comunidades Europeas), concretamente as seguintes epígrafes:

37. Produtos fotográficos ou cinematográficos.

49. Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos.


85. Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxe e son en televisión e as partes e accesorios destes aparellos.

92. Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos.

97. Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade.

Os resultados de comercio exterior entre os meses de marzo de 2021 e febreiro de 2022 indican que a comunidade galega importou máis produtos culturais dos que exportou, case o 41% máis no último mes do tempo estudado (máis de 79 millóns de euros de importacións por 40 millóns de euros en exportacións). Na seguinte gráfica de evolución obsérvase que o nivel de exportacións máis elevado se produciu durante os meses de marzo e abril de 2021 e as importacións aumentaron en setembro e outubro de 2021.

Evolución das importacións e exportacións de produtos culturais entre marzo 2021 e febreiro 2022 (miles de euros)



Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Tanto as exportacións como as importacións de produtos culturais baixaron no período analizado, aínda que se pode apreciar unha melloría nos dous primeiros meses de 2022 no caso das exportacións. No caso das importacións, produciuse unha suba moi importante entre agosto e outubro de 2021, de máis do dobre, aínda que en novembro volveu descender para manter unha estabilidade ata febreiro de 2022.

Evolución comparativa do comercio exterior en Galicia. Produtos culturais e total entre marzo de 2021 e febreiro de 2022 (miles de euros)

	Importacións/introducións		Exportacións/expedicións	
	Total produtos	Produtos culturais	Total produtos	Produtos culturais
Mar-2021	2.189.437,3	92.550,1	1.829.599,1	53.588,1
Abr-2021	1.910.133,3	68.113,8	1.520.857,4	50.043,0
Mai-2021	2.103.841,1	62.887,7	1.431.987,6	45.633,0
Xuñ-2021	1.863.622,0	63.091,5	1.563.209,4	40.799,4
Xul-2021	1.745.258,5	61.766,3	1.647.574,7	36.512,8
Ago-2021	1.852.388,3	42.672,2	1.528.380,7	37.533,6
Set-2021	2.056.999,3	81.696,4	1.498.681,8	42.302,2

Out-2021	3.672.501,4	92.593,3	2.213.660,4	34.380,3
Nov-2021	2.464.007,0	75.230,0	1.969.185,1	46.094,8
Dec-2021	2.147.555,0	73.605,5	1.857.708,9	40.411,4
Xan-2022	2.050.788,4	78.516,7	2.050.146,5	31.879,8
Feb-2022	2.411.130,0	79.387,8	2.087.875,1	40.050,5

Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Ao analizar a taxa de variación entre os dous últimos meses estudados, compróbase que as importacións totais en Galicia aumentaron nun 1,8%, mentres que nos produtos culturais o incremento é moi superior (un 25,6%). A seguinte táboa recolle unha comparativa entre a taxa de variación de todo o período investigado e a do último mes.

Porcentaxe de taxas de variación do comercio exterior en Galicia

		Variación no período de estudo	Variación sobre o mes anterior
Exportacións	Total produtos	10,1	17,6
	Produtos culturais	-14,2	1,1
Importacións	Total produtos	14,1	1,8
	Produtos culturais	-25,3	25,6

Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

As exportacións de produtos culturais, tendo en conta a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), incrementáronse en Galicia entre os anos 2017 e 2021 nun 46,5%, debido ao grande aumento experimentado polas actividades de edición, aínda que en 2021 descendieron lixeiramente (un -1,4%) con respecto ao ano anterior. Porén, as actividades de creación artística e espectáculos triplicaron as súas exportación durante este quinquenio e foron máis do dobre no ano 2021 con respecto ao ano anterior. En canto ás importacións, neste período, entre 2017 e 2021, aumentaron nun 23,3%, aínda que con variacións importantes entre os distintos produtos.

Evolución do comercio exterior e intracomunitario segundo as divisións CNAE 2009


	2017	2018	2019	2020	2021
<i>Exportacións/expedicións</i>					
18 Artes gráficas e reprodución de sopor- tes gravados	235,6	228,2	209,9	180,5	238,7
58 Edición	5.294,8	6.067,9	5.787,8	8.106,5	7.990,9
59 Actividades cinematográficas, de ví- deo e de programas de televisión, grava- ción de son e edición musical	289,5	265,1	204,9	110,2	78,7
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	91,6	99,2	390,8	150,3	344,1
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	0,0	0,0	0,0	1,7	6,0
Total	5.911,5	6.660,4	6.593,4	8.549,2	8.658,4
<i>Importacións/introducións</i>					
18 Artes gráficas e reprodución de sopor- tes gravados	25,0	145,9	67,3	66,6	108,2
58 Edición	4.237,0	5.277,2	6.085,6	6.230,9	5.088,7
59 Actividades cinematográficas, de ví- deo e de programas de televisión, grava- ción de son e edición musical	734,3	1.130,4	1.048,6	916,3	1.089,5
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	831,8	156,1	358,6	2.550,4	785,5
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	57,6	74,2	228,9	384,5	185,5
Total	5.885,7	6.783,8	7.789	10.148,7	7.257,4

Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Índice de prezos de consumo

A variación anual do índice de prezos de consumo de produtos relaciona- dos co ocio e a cultura en Galicia sitúase no mes de marzo de 2022 sensi- blemente por debaixo da correspondente ao índice de prezos xeral (1,1 fronte a 10,5), un comportamento similar ao que se dá no conxunto esta- tal, que amosa unha variación en produtos culturais dun 1,2 respecto ao 9,8 do total. Como se pode constatar na gráfica que vai a continuación, o aumento dos prezos dos produtos culturais e de ocio é claramente inferior ao do total dos bens e servizos que consome a poboación.

Variación anual (%) do IPC Xeral e Ocio e cultura



Fonte: Instituto Galego de Estatística

A análise por subgrupos, tendo en conta o último dato publicado, indica que os prezos de produtos culturais como prensa, libros e artigos de papelería son os que experimentaron a maior suba, un 2,5% en Galicia e un 3% en España, seguido dos servizos recreativos, deportivos e culturais cun 0,8% e 1,1% respectivamente. En cambio, o subgrupo que aglutina os equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información presenta unha significativa baixada dun -2,7% na comunidade galega, algo máis leve no conxunto estatal (-1%).

Variación anual (%) do IPC por subgrupos

	España	Galicia
Equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información	-1,0	-2,7
Servizos recreativos, deportivos e culturais	1,1	0,8
Prensa, libros e artigos de papelería	3,0	2,5

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Confianza dos consumidores

A evolución da confianza dos consumidores dos fogares, como se observa na táboa que vai a continuación, indica que no primeiro trimestre de 2020

un 57,78% dos fogares tiña expectativas de poder realizar certas actividades de ocio, como saír cear, a cafetarías, e tamén culturais, como ir ao cine e ao teatro. Esta situación inverteuse bruscamente no segundo trimestre de 2020 (coincidindo coa declaración do estado de alarma). Os primeiros indicios dunha recuperación máis sólida da confianza por parte das familias advírtese no terceiro trimestre de 2021, período en que o 50,09% dos fogares percibía de novo a posibilidade de realizar este tipo de actividades. Porén, hai que salientar que a percepción das familias galegas sobre a posibilidade de realizar este tipo de gasto no primeiro trimestre do presente ano 2022 foi algo máis pesimista do que resultou finalmente. Como se pode ver, o 53,81% considerábase con medios suficiente para saír cear, a cafetarías, ao cine e ao teatro.

Fogares que teñen pensado permitirse/ou que se permitiron saír cear, a cafetarías, ir ao cine, ao teatro (xaneiro 2020/xaneiro 2021)


	Teñen pensado permitirse nos próximos 3 meses	Permitíronse nos últimos 3 meses
2020/I	57,78	61,57
2020/II	19,41	39,56
2020/III	36,13	20,09
2020/IV	26,98	28,38
2021/I	24,32	27,19
2021/II	39,21	30,26
2021/III	50,09	42,92
2021/IV	59,31	54,49
2022/I	53,81	54,88

IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Na seguinte gráfica apréciase de xeito máis claro a evolución da confianza do consumidor dos fogares galegos nos últimos dous anos.




Fogares que teñen pensado permitirse/ou que se permitiron saír cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro (xaneiro 2020/xaneiro 2021)



IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Emprego cultural

No último trimestre de 2021, Galicia, con 34.700 empregados culturais, sitúase en valores moi similares aos de finais de 2019 e principios de 2020. O dato máis elevado de traballadores da cultura produciuse no período que remata no segundo trimestre de 2021, con 36.200 persoas empregadas, 1.500 por riba do último dato dispoñible. A partir de aí a tendencia foi descendente, ao contrario do que sucede no conxunto estatal.




Fonte: MCUD. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural. INE. Encuesta de Población Activa.

As comunidades de Madrid e Cataluña absorben o 46,7% do total do emprego cultural de España. Galicia ocupa a quinta posición cun 5%. A seguinte gráfica mostra o número de empregados culturais por comunidade autónoma, a partir do último dato publicado.

⁴ En 2020, como consecuencia da declaración do estado de alarma, o tamaño da mostra das primeiras entrevistas da EPA viuse afectado, polo que os coeficientes de variación das estimacións máis desagregadas poden ser superiores ao habitual.


**Emprego cultural por comunidade autónoma (medias móviles en miles) 2021
(1T/4T)**



Fonte: MCUD. Explotación de la Encuesta de Población Activa en el Ámbito Cultural. INE. Encuesta de Población Activa.

En canto ás afiliacións á Seguridade Social, Galicia rexistra en marzo de 2022 unha cifra de 15.592 persoas afiliadas á Seguridade Social nas principais actividades culturais, o que representa o 1,5% do total de afiliacións de todos os sectores. A evolución do número de afiliacións no eido cultural experimenta un incremento dun 7,48% no ano de estudo, 6 puntos porcentuais por riba da suma de todos os sectores económicos.

Evolución das afiliacións totais e no eido cultural á Seguridade Social en Galicia (último día do mes)



Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

A publicidade e estudos de mercado xunto coas artes gráficas e reprodución de soportes gravados seguen a ser as ramas de actividade con maior representación no sector cultural (21,56% e 19,38% respectivamente), seguidas polas actividades de creación, artísticas e de espectáculos (16,73%). Con todo, a variación detectada entre o mes de marzo de 2021 e o de 2022 descobre unha suba moi acentuada, que supera o 34%, na rama de actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical, cunha proporción dentro do sector cultural dun 11,18%. Tamén se pode destacar o crecemento das actividades de creación, artísticas e de espectáculos (por riba do 12%). En xeral, o conxunto das ramas que conforman o sector cultural soben en maior ou menor grao, coa única excepción da edición, que diminúe un 0,76%, como constata a seguinte táboa.

Afiliacións á Seguridade Social o último día do mes, segundo ramas da CNAE 2009 en Galicia (marzo 2022)

	Nº afilia- cións	% actividades do sector cultural	% Variación marzo 2021/2022
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	3.021	19,38	3,57
58 Edición	2.084	13,37	-0,76
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1.743	11,18	34,39
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.323	8,49	0,68
63 Servizos de información	979	6,28	4,59
73 Publicidade e estudos de mercado	3.362	21,56	5,66
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	2.609	16,73	12,22
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	471	3,02	8,03
Total actividades	15.592	100,00	7,48

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

De xeito pormenorizado, a seguinte táboa presenta a evolución mensual dos datos de afiliacións á Seguridade Social segundo ramas da CNAE 2009 descritos con anterioridade dende marzo de 2021 ata marzo de 2022. Entre os resultados obtidos pódese destacar o ascenso das persoas afiliadas no sector das artes gráficas e reprodución de soportes gravados a partir de setembro de 2021, data en que se superan as 3.000 afiliacións; o aumento gradual e progresivo das actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical, así como o ascenso nos meses de xuño, xullo e agosto das afiliacións aos servizos de información, único período en que superaron as mil persoas afiliadas. Tamén é destacable a evolución das actividades de creación, artísticas e de espectáculos.



Afiliacións á Seguridade Social o último día do mes, segundo ramas da CNAE 2009 de Cultura en Galicia (marzo 2021/2022)

	18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	58 Edición	59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	63 Servizos de información	73 Publicidade e estudos de mercado	90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
2021								
Marzo	2.917	2.100	1.297	1.314	936	3.182	2.325	436
Abril	2.914	2.106	1.498	1.319	946	3.234	2.414	424
Maio	2.934	2.113	1.449	1.313	949	3.301	2.439	442
Xuño	2.954	2.136	1.404	1.340	1.000	3.373	2.438	461
Xullo	2.961	2.227	1.518	1.366	1.036	3.417	2.602	497
Agosto	2.963	2.163	1.437	1.336	1.027	3.280	2.515	496
Setembro	3.015	2.096	1.537	1.328	946	3.336	2.548	481
Outubro	3.033	2.105	1.609	1.322	950	3.409	2.591	456
Novembro	3.087	2.107	1.686	1.336	961	3.439	2.613	465
Decembro	3.018	2.102	1.460	1.338	969	3.345	2.646	447
2022								
Xaneiro	3.015	2.099	1.508	1.330	968	3.325	2.514	443
Febreiro	3.016	2.110	1.607	1.327	975	3.358	2.752	460
Marzo	3.021	2.084	1.743	1.323	979	3.362	2.609	471
% Variación marzo 2021/2022								
	3,57	-0,76	34,39	0,68	4,59	5,66	12,22	8,03

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

A análise da evolución do número de afiliacións á Seguridade Social nas principais actividades económicas pon de manifesto novamente a importancia do aumento destas no eido cultural, con 1.085 persoas afiliadas máis en marzo de 2022 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. O sector servizos experimenta un crecemento do 4,40%, seguido da construción, cun 3,85%. A agricultura galega perde 1.226 afiliacións, cun decrecemento dun 2,15%.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas principais actividades económicas segundo a CNAE 2009 en Galicia (Variación marzo 2021/2022)

	Cultura	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Non tipificados
Mar-21	14.507	56.896	141.628	75.717	713.096	7.458
Abr-21	14.855	56.934	142.849	76.762	719.397	7.594
Mai-21	14.940	56.763	143.612	77.709	727.037	7.748
Xuñ-21	15.106	57.088	144.779	78.463	732.386	7.940
Xul-21	15.624	57.949	145.860	79.312	752.116	8.046
Ago-21	15.217	57.510	145.297	79.188	741.422	8.148


Set-21	15.287	58.835	145.034	78.979	738.921	8.230
Out-21	15.475	56.834	144.579	79.342	749.109	8.322
Nov-21	15.694	56.423	144.855	79.212	748.431	8.446
Dec-21	15.325	54.717	139.538	76.553	734.007	8.592
Xan-22	15.202	55.071	144.039	77.854	739.151	8.566
Feb-22	15.605	55.626	144.489	78.519	740.581	8.584
Mar-22	15.592	55.670	144.236	78.631	744.504	8.634
% Var.	7,48	-2,15	1,84	3,85	4,40	15,77

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Gasto en cultura dos fogares galegos

Durante o ano 2020 as familias galegas gastaron en cultura 34,4 millóns de euros máis que en 2019, un total de 641,6 millóns. Trátase dun comportamento de excepción dentro do conxunto estatal, cuxo gasto diminúe en 1.996.6 millóns de euros. Todas as comunidades autónomas ofrecen cifras negativas de gasto a excepción de Galicia e Estremadura.


Evolución do gasto total en bens e servizos culturais



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

No marco estatal, a comunidade galega é a quinta en gasto en cultura dos fogares, aínda que afastada das catro primeiras (Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia), como mostra a seguinte gráfica.

Gasto total en bens e servizos culturais segundo a comunidade autónoma. Ano 2020



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006


O gasto medio dos fogares galegos en bens e servizos culturais en 2020 foi de 581,7 euros, 27,4 euros máis que en 2019. A telefonía móbil e servizos relacionados con Internet acaparan o 34,8% do total, seguido de soportes, equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información (28,3%) e moi preto do gasto en libros e publicacións periódicas (28,1%). O gasto total dos fogares galegos supera a media estatal en 25,3 euros. Con todo, hai que ter en conta que, a pesar desta suba xeneralizada, o grupo de gasto relacionado cos servizos culturais⁵, estreitamente vinculado ás actividades

⁵ Servizos culturais fai referencia a:

- Cines, teatros e espectáculos: óperas, concertos, ballet, zarzuela e outros espectáculos musicais; bailes públicos, circos, espectáculos de luz e son etc.
- Museos, bibliotecas e parques zoolóxicos: entradas a museos, exposicións, galerías de arte e monumentos, parques nacionais, zoolóxicos, xardíns botánicos, acuarios, reservas naturais etc.
- Outros servizos culturais como servizos fotográficos, servizos de músicos, pallasos e actores para espectáculos privados etc.

desenvoltas en lugares públicos e á socialización, experimentou un decrecemento moi significativo en 2020. A cancelación de eventos, peche de espazos, limitación de cabidas dos locais etc. convertérono no sector máis prexudicado pola crise sanitaria da COVID-19 e o confinamento da poboación.

Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais en 2020, segundo grupos de gasto (euros)



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Ao contrario do que sucede no conxunto estatal, o gasto medio por fogar en bens e servizos culturais en Galicia en 2020 experimenta unha suba de 27,4 euros respecto ao ano anterior e supera en 3,1 euros os datos de 2018, aínda que lonxe dos valores do inicio do quinquenio estudado. Este comportamento é o oposto á media estatal, cuxo gasto baixa en 108 euros entre 2020 e 2019 e 208 euros con respecto ao primeiro ano de estudo.

Evolución do gasto medio por fogar en bens e servizos culturais. Comparativa autonómica (millóns de euros)


	2016	2017	2018	2019	2020
Total España	764,4	718,3	682,5	664,4	556,4
Andalucía	714,9	676,6	644,0	612,8	494,7
Aragón	811,1	691,8	616,7	704,5	629,5
P. Asturias	748,1	692,1	610,1	595,4	482,6

I. Baleares	820,3	788,5	723,9	714,6	448,4
Canarias	716,9	635,8	593,8	596,4	467,5
Cantabria	695,6	695,3	632,3	625,8	416,2
Castela e León	707,4	663,8	725,5	586,2	561,7
Castela-A Mancha	669,0	614,7	610,0	617,4	512,4
Cataluña	826,4	751,9	660,6	675,5	582,0
C. Valenciana	739,1	703,4	770,4	711,3	587,6
Extremadura	605,2	561,0	516,1	473,7	481,6
Galicia	640,6	597,2	578,6	554,3	581,7
C. Madrid	885,5	861,5	797,1	795,4	621,1
R. Murcia	814,1	835,8	751,2	812,3	648,2
C. F. Navarra	828,5	837,1	860,4	740,9	556,8
País Vasco	783,0	714,6	648,5	623,1	580,2
A Rioxa	735,1	714,0	652,3	691,0	570,1
Ceuta e Melilla	932,7	882,8	700,0	643,9	587,1

MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Algo moi similar sucede co gasto medio por persoa en bens e servizos culturais xa que, mentres que a poboación galega gastou 239,7 euros en 2020, case 13 euros máis que en 2019, o gasto descendeu no conxunto estatal en máis de 43 euros e sitúase en 223,6 euros por persoa, como se mostra na seguinte gráfica de evolución.

Evolución do gasto medio por persoa en bens e servizos culturais (euros)



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Como se comentaba con anterioridade, esta suba xeneraliza do gasto dos fogares non se reflicte no subsector dos servizos culturais, que experimenta no período estudado un decrecemento dun 62,5% no conxunto de España e dun 35,3% en Galicia. Esta caída acentúase ao comparar o ano 2020 co 2019, no que a diferenza é de 1.835,8 millóns de euros no ámbito estatal e 47,1 na comunidade galega.

Evolución do gasto por fogar e por persoa en servizos culturais (euros)


	2016	2017	2018	2019	2020
<i>Total (millóns de euros)</i>					
España	2.562,7	2.542,4	2.522,8	2.796,3	960,5
Galicia	87,3	82,8	80,5	103,6	56,5
<i>Por fogar (euros)</i>					
España	124,4	137,3	135,4	149,2	51,0
Galicia	80,3	76,0	73,7	94,6	51,2
<i>Por persoa (euros)</i>					
España	49,9	55,2	54,5	59,9	20,5
Galicia	32,4	30,8	30,1	38,7	21,1

MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Dentro deste grupo de gasto, a enquisa do INE ofrece información específica sobre espectáculos⁶. A gráfica que vai a continuación constata os resultados xerais do sector xa descritos, cunha acentuada caída do gasto entre 2019 e 2020. O gasto dos fogares galegos sitúase en 20,6 euros e no conxunto de España en 26,3 euros (38,1 e 80 euros menos respectivamente que en 2019). Tamén se reduce en 15,5 euros este tipo de gasto por persoa, que se sitúa nos 8,5 euros en Galicia, cunha media estatal de 10,8 euros, as contías máis baixas da serie temporal.

⁶ Cines, teatros e espectáculos: óperas, concertos, ballet, zarzuela e outros espectáculos musicais; bailes públicos, circos, espectáculos de luz e son etc.


Evolución do gasto por fogar en espectáculos



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Como se mostraba na gráfica comparativa de gasto cultural segundo os grupos entre a comunidade galega e a media estatal en 2020, a telefonía móbil e servizos relacionados con Internet son o primeiro sector en importancia de gasto, tanto por fogar como por persoa. En Galicia o gasto por fogar sitúase nos mesmos niveis que a media estatal (ao redor dos 202 euros), mentres que o gasto por persoa é superior en 1,5 euros. Con todo e a pesar de ser o sector con máis peso no gasto dos fogares, experimenta un decrecemento no período estudado dun 21,9% no relativo ao gasto por fogar e dun 20,2% no gasto por persoa, un comportamento similar ao que sucede no conxunto do Estado, cun descenso aínda maior, que rolda o 44,5%.

Evolución do gasto medio por fogar e por persoa en telefonía móbil e servizos relacionados con Internet (euros). Comparativa coa media estatal



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Os soportes, equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información constitúen o segundo grupo de gasto en 2020. Galicia gasta 164,8 euros por fogar e 67,9 por persoa, o que supón o 28,3% do gasto total en bens e servizos culturais. No conxunto do España o desembolso é algo máis elevado: 187,9 euros por fogar e 75,5 euros por persoa, un 33,8% do total. Os fogares galegos gastaron neste tipo de equipamentos 56 euros máis en 2020 que no ano anterior, mentres que a media estatal tamén se incrementou 19,5 euros. En relación co gasto por persoa, os galegos e galegas aumentaron o seu gasto respecto a 2019 en 23,5 euros e a media española acadou os 75,5 euros, 7,8 euros máis que o ano anterior. Parece deducirse destes resultados que as medidas tomadas pola crise sanitaria estimularon o consumo deste tipo de equipamentos entre a poboación.

Evolución do gasto por persoa en soportes, equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da información (euros)

	Por fogar		Por persoa	
	Total España	Galicia	Total España	Galicia
2016	173,8	164,1	69,7	66,2
2017	172,0	160,3	69,1	65,0
2018	167,2	140,8	67,3	57,4
2019	168,4	108,8	67,7	44,5
2020	187,9	164,8	75,5	67,9

MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Os fogares galegos gastaron unha media de 120,5 euros en libros durante o ano 2020, o que supón un incremento no período estudado de máis do 52%, e un desembolso de 33 euros máis que a media do Estado. O gasto en publicacións periódicas tamén supera ao total de España en 15,7 euros, aínda que neste caso a cantidade queda igualada á de 2017, pero aínda afastada dos 58 euros de 2016. En conxunto, o desembolso en libros e publicacións periódicas dos fogares galegos é o terceiro máis importante, tras Navarra e o País Vasco.

**Evolución do gasto medio por fogar en libros e publicacións periódicas.
Comparativa coa media estatal**


	2016	2017	2018	2019	2020
<i>Total libro e publicacións periódicas</i>					
España	169,7	145,2	135,3	125,5	114,7
Galicia	137,4	120,4	128,9	125,0	163,4
<i>Libro</i>					
España	123,6	105,6	100,4	94,3	87,5
Galicia	79,2	77,7	89,5	88,5	120,5
<i>Publicacións periódicas</i>					
Total España	46,1	39,6	34,9	31,2	27,2
Galicia	58,2	42,7	39,3	36,5	42,9

MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

En canto ao gasto por persoa, a cidadanía galega destinou 67,4 euros á compra de libros e publicacións periódicas, 21,3 euros por riba da media estatal, só superada polo País Vasco, A Rioxía e Castela e León.



Gasto medio por persoa en libros e publicacións periódicas (2020)



MCUD. Explotación de la Encuesta de Presupuestos Familiares, INE. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Financiamento e gasto público en cultura

Este apartado ofrece información dos orzamentos de cultura aprobados polas distintas administracións e das liquidacións deses orzamentos, con distintos niveis de análise.

A primeira parte inclúe datos de orzamentos, que no caso da comunidade autónoma de Galicia proceden dos orzamentos xerais elaborados pola Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. Os datos analizados están conformados por dúas partidas, que son as correspondentes a cultura (43) e normalización lingüística (15).

Na seguinte táboa pódense observar datos sobre a evolución dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia e os específicos de cultura. En xeral, os orzamentos xerais para 2022 baixan con respecto ao ano anterior, aínda que en cultura soben en conxunto un 2,2%. O incremento é superior á evolución xeral, que está moi influída polo descenso do gasto en actividades financeiras e a débeda pública.

No ano 2022 os orzamentos correspondentes a cultura e lingua ascenden a 106.519 miles de euros. Na partida de cultura foi na que máis aumentaron (un 5,8%), mentres que na de normalización lingüística diminuíron un 22,6%. O gasto en cultura e lingua sobre o total situouse no 0,81%.

Evolución dos orzamentos da Xunta de Galicia en materia de cultura (miles de euros)

	2018	2019	2020	2021	2022
Total	10.723.973	11.544.351	11.821.575	13.396.506	13.117.948
15 Normalización lingüística	7.623	8.079	8.507	13.062	10.105
43 Cultura	69.167	72.140	74.885	91.165	96.414
Total 15+43	76.790	80.219	83.392	104.227	106.519
Percentaxe sobre o total	0,72%	0,69%	0,71%	0,78%	0,81%

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

Na seguinte táboa poden verse as cifras das distintas partidas orzamentarias nos dous últimos exercicios e as diferenzas porcentuais de cada unha delas.

Orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia segundo partidas orzamentarias

	2021	2022	Diferenza porcentual
Total	13.396.506	13.117.948	-2,08%
11 Alta dirección da comunidade autónoma	39.948	40.299	0,88%
12 Administración xeral	77.471	74.234	-4,18%
13 Xustiza	161.278	162.519	0,77%
14 Administración local	17.259	17.323	0,37%
15 Normalización lingüística	13.062	10.105	-22,64%
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	3.387	2.000	-40,95%
21 Protección civil e seguridade	30.344	29.405	-3,09%
31 Acción social e promoción social	946.877	987.150	4,25%
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	371.342	395.174	6,42%
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	7.448	7.835	5,20%
41 Sanidade	4.582.607	4.584.079	0,03%
42 Educación	2.632.504	2.696.306	2,42%
43 Cultura	91.165	96.414	5,76%
44 Deportes	32.474	32.489	0,05%
45 Vivenda	85.001	112.760	32,66%
46 Outros servizos comunitarios e sociais	112.642	123.180	9,36%
51 Infraestruturas	335.266	336.791	0,45%
52 Ordenación do territorio	16.649	16.475	-1,05%

53 Promoción de solo para actividades económicas	11.054	10.821	-2,11%
54 Actuacións ambientais	199.108	219.729	10,36%
55 Actuacións e valorización do medio rural	171.718	169.799	-1,12%
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	227.512	266.529	17,15%
57 Sociedade da información e do coñecemento	155.122	143.302	-7,62%
58 Información estatística básica	4.845	4.941	1,98%
61 Actuacións económicas xerais	28.716	30.394	5,84%
62 Actividades financeiras	243.663	77.662	-68,13%
71 Dinamización económica do medio rural	356.792	402.459	12,80%
72 Pesca	126.180	128.248	1,64%
73 Industria, enerxía e minaría	69.193	89.093	28,76%
74 Desenvolvemento empresarial	308.418	241.359	-21,74%
75 Comercio	23.745	18.376	-22,61%
76 Turismo	112.477	126.027	12,05%
81 Transferencias a entidades locais	129.450	138.106	6,69%
91 Débeda pública	1.671.784	1326.565	-20,65%

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

No referente ás entidades locais, pódese observar na seguinte táboa que os orzamentos en cultura do total das administracións locais ascenderon a case 195 millóns de euros en 2021, o que supón un 6,7% do total. Desta cantidade, un 80,3% foron asignados a concellos (un 42,5% corresponde aos orzamentos dos concellos da provincia da Coruña) e un 21,4% ás deputacións provinciais.

Cómpre salientar que os orzamentos de cultura do total das entidades locais en Galicia descenderon un 1,72% en 2021 con respecto ao ano anterior e onde máis descenderon foi na provincia de Ourense (-10,67%). Pola contra foi nas deputacións provinciais onde máis aumentaron (4,17%)

Ao mesmo tempo, os orzamentos totais das entidades locais subiron un 1,98% con respecto a 2020.

Orzamentos en cultura das entidades locais en Galicia

	2020		2021		Dif. Cultura	Dif. Total	
	Cultura	Total	Cultura	Total			
Concellos	A Coruña	85.250	1.075.658	82.864	1.137.215	-2,80%	5,72%
	Lugo	18.164	321.501	17.710	329.880	-2,50%	2,61%
	Ourense	13.006	289.070	11.618	283.450	-10,67%	-1,94%
	Pontevedra	45.468	745.616	44.251	759.436	-2,68%	1,85%
Deputacións	40.098	518.476	41.769	518.267	4,17%	-0,04%	
Mancomunidades	687	26.101	691	17.077	0,65%	-34,57%	

Total consolidado entidades locais	198.312	2.839.986	194.901	2.896.260	-1,72%	1,98%
Porcentaxe cultura	6,98%		6,73%			

Fonte: Ministerio de Hacienda y Función Pública

A segunda parte da información que se ofrece neste apartado procede da Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, na que se ofrecen indicadores relativos ao gasto público en cultura realizado pola Administración xeral do Estado, pola Administración autonómica e pola Administración local. A estatística proporciona información do gasto anual liquidado en actividades culturais, na fase de obrigas recoñecidas, realizado pola Administración en cada un dos seus ámbitos, así como a súa desagregación por natureza económica do gasto e destino concreto. A última anualidade da que se dispón de datos é a de 2019, polo que non é posible ofrecer datos máis actualizados. Este ano fai referencia ás liquidacións dos orzamentos.

A seguinte táboa ofrece datos comparativos do gasto liquidado en cultura polas administracións autonómicas de todas as comunidades autónomas e do conxunto do Estado. No referente a Galicia, en 2019 o gasto liquidado en cultura ascende a máis de 84 millóns de euros, cun aumento dun 6,8% con respecto ao ano anterior. Este gasto supón un 6,9% do gasto liquidado en cultura do conxunto do Estado. As comunidades autónomas en que se produciu un gasto liquidado en cultura máis elevado foron Cataluña e Andalucía, que supuxeron o 20,9% e o 16,6% respectivamente do gasto total do Estado. A comunidade autónoma na que máis aumentou o gasto liquidado en cultura con respecto ao ano anterior foi Murcia (37%); pola contra, Aragón foi na que máis diminuíu (-13,6%).

Gasto liquidado en cultura pola Administración autonómica por comunidade autónoma (en miles de euros)

	2018		2019		Diferenza interanual (%)
	Total	Porcentaxe	Total	Porcentaxe	
Total España	1.178.386	100,0	1.225.819	100,0	4,0
Andalucía	195.393	16,6	202.999	16,6	3,9
Aragón	22.589	1,9	19.507	1,6	-13,6
Asturias	21.892	1,9	22.756	1,9	3,9
Baleares	23.347	2,0	23.132	1,9	-0,9
Canarias	31.268	2,7	28.419	2,3	-9,1

Cantabria	17.055	1,4	16.647	1,4	-2,4
Castela e León	61.526	5,2	65.641	5,4	6,7
Castela-A Mancha	31.110	2,6	32.506	2,7	4,5
Cataluña	250.628	21,3	256.740	20,9	2,4
Comunidade Valenciana	104.628	8,9	112.986	9,2	8,0
Estremadura	35.383	3,0	40.237	3,3	13,7
Galicia	78.750	6,7	84.144	6,9	6,8
Madrid	92.675	7,9	93.374	7,6	0,8
Murcia	21.672	1,8	29.700	2,4	37,0
Navarra	44.947	3,8	48.804	4,0	8,6
País Vasco	122.590	10,4	125.514	10,2	2,4
A Rioxa	9.417	0,8	8.305	0,7	-11,8
Ceuta	4.261	0,4	4.605	0,4	8,1
Melilla	9.253	0,8	9.805	0,8	6,0

Fonte: MCUD. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, MHFP. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas

Na seguinte táboa pódense comprobar os datos da evolución do gasto liquidado en cultura pola Administración autonómica en Galicia por destino do gasto desagregados por sectores e subsectores de gasto. Os sectores de gasto son: Bens e servizos culturais, Artes plásticas e escénicas, Libro e audiovisual e Interdisciplinario. Cada un destes sectores divídese, pola súa vez, en subsectores.

En liñas xerais, pódese ver que nos últimos anos dos que se dispón de datos se foi incrementando o gasto e foi no último ano (2019) no que porcentualmente aumentou máis con respecto ao ano anterior. O sector en que máis se gastou foi no “interdisciplinario”, que supón un 52,3% do total do gasto liquidado en cultura no ano 2019 e, dentro deste sector, cómpre salientar o gasto dedicado á promoción, difusión e cooperación, que implica máis da metade. O segundo capítulo en contía é o de “Bens e servizos culturais”, que supón un 39,4% do gasto total. Xa moi por debaixo está o sector das “Artes plásticas e escénicas” e, máis concretamente o subsector das artes escénicas e musicais, que supón un 6,1%.

Evolución do gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia, por destino do gasto (sector e subsector)

	2016	2017	2018	2019
TOTAL (Miles de euros)	72.686	75.208	78.750	84.144
1. BENS E SERVIZOS CULTURAI	28.223	28.243	31.821	33.185
1.1 Patrimonio histórico e artístico	15.543	15.337	19.013	16.555

DOCUMENTOS DE TRABALLO



1.1.1 Monumentos históricos	13.613	13.402	16.227	16.555
1.1.2 Museos	1.930	1.934	2.787	0
1.1.3 Xacementos arqueolóxicos	0	0	0	0
1.1.4 Patrimonio histórico e artístico. Outros	0	0	0	0
1.2 <i>Arquivos</i>	0	0	0	0
1.3 <i>Bibliotecas</i>	12.680	12.906	12.808	16.631
2. ARTES PLÁSTICAS E ESCÉNICAS	100	0	7.439	5.126
2.1 <i>Artes plásticas</i>	100	0	0	0
2.1.1 Exposicións	100	0	0	0
2.1.2 Fotografía	0	0	0	0
2.1.3 Outras artes plásticas	0	0	0	0
2.2 <i>Artes escénicas e musicais</i>	0	0	7.439	5.126
2.2.1 Música	0	0	398	645
2.2.2 Danza	0	0	380	108
2.2.3 Teatro (Inclúe teatro musical)	0	0	851	1.965
2.2.4 Artes escénicas e musicais. Outros	0	0	5.810	2.408
3. LIBRO E AUDIOVISUAL	0	0	0	1.808
3.1 <i>Libro</i>	0	0	0	12
3.2 <i>Audiovisual</i>	0	0	0	1.796
3.2.1 Cine	0	0	0	1.796
3.2.2 Vídeo	0	0	0	0
3.2.3 Música gravada	0	0	0	0
3.2.4 Audiovisual. Outros	0	0	0	0
4. INTERDISCIPLINARIO	44.363	46.965	39.490	44.025
4.1 <i>Promoción, difusión e cooperación cultural</i>	35.259	36.203	29.333	27.314
4.2 <i>Difusión cultural no exterior</i>	0	0	0	50
4.3 <i>Administración e servizos xerais</i>	4.910	6.758	5.464	10.422
4.4 <i>Política lingüística</i>	4.194	4.005	4.693	6.239
4.5 <i>Interdisciplinario. Outros</i>	0	0	0	0
5. NON DISTRIBUÍDO POR SUBSECTORES	0	0	0	0

Fonte: MCUD. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, MHFP. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas.

Se se analizan os datos desde a perspectiva da natureza do gasto, pódese comprobar que a maior parte corresponde ao capítulo 1, é dicir, os salarios do persoal dependente da Administración autonómica que traballa tanto no departamento propio de cultura como nos organismos autónomos e dependentes con competencias en materia de cultura. Este capítulo supón un 31,5% do gasto total liquidado.

Gasto liquidado en cultura pola Xunta de Galicia, por natureza do gasto

	2016	2017	2018	2019
TOTAL	72.686	75.208	78.750	84.144
C.I. Gastos de persoal	22.518	23.281	23.233	26.539




C.II. Gastos correntes en bens e servizos	5.032	5.098	5.427	6.038
C.III. Gastos financeiros	346	3	72	439
C.IV. Transferencias correntes	14.797	14.634	15.103	15.934
C.VI. Investimentos reais	12.635	12.385	18.123	16.638
C.VII. Transferencias de capital	17.358	19.808	16.792	18.556
C.VIII e C. IX. Activos e pasivos financeiros	0	0	0	0

Fonte: MCUD. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, MHFP. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas

Se se analiza o gasto liquidado en cultura polas administración locais, pódese comprobar que é moi superior ao da Administración autonómica, tendo en conta que dentro da Administración se inclúen os concellos e as deputacións provinciais. Na seguinte gráfica pódense vers estes datos comparativos.

Gasto liquidado en cultura polas distintas administracións (2019) (en miles de euros)



■ Admón. Autonómica ■ Concellos ■ Deputacións

Fonte: Fonte: MCUD. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, MHFP. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas

A primeira observación que se debe facer refírese ao feito de que tanto no conxunto das administración locais en xeral, como nos concellos en particular, o gasto liquidado en cultura aumentou no ano 2019 con respecto ao ano anterior: un 7,4% no conxunto das administración locais e un 11% nos

concellos. Porén, nas deputacións provinciais, o gasto liquidado en cultura en 2019 diminuíu un 6,3% con respecto a 2018.

Na seguinte táboa pódense ver os datos sobre o gasto público en cultura das administracións locais desgregados pola natureza económica do gasto. Neste caso, no capítulo en que máis se gastou no total foi no de gastos correntes en bens e servizos. O gasto liquidado en cultura neste capítulo supuxo un 52,4% no conxunto das administracións locais, pero no caso dos concellos esta cantidade ascende ao 57,3%. Porén, nas deputacións provinciais, o gasto máis elevado correspóndelle ao capítulo IV, de transferencias correntes, que supón un 33,2% do gasto total liquidado en cultura.

Gasto liquidado en cultura polas administracións locais segundo a natureza económica do gasto en Galicia

	2018			2019		
	Total	Concellos	Deputacións	Total	Concellos	Deputacións
Total	188.607	149.993	38.034	202.566	166.470	35.625
C.I. Gastos de persoal	44.825	34.979	9.765	46.507	36.823	9.591
C.II. Gastos correntes en bens e servizos	98.613	86.154	12.426	106.166	95.350	10.789
C.III. Gastos financeiros	380	1	379	0	0	0
C.IV. Transferencias correntes	25.935	15.714	10.199	28.471	16.629	11.833
C.VI. Investimentos reais	16.972	12.859	3.669	19.641	17.380	1.919
C.VII. Transferencias de capital	1.872	275	1.597	1.775	282	1.493
C.VIII e C. IX. Activos e pasivos financeiros	12	12	0	5	5	0

Fonte: MCUD. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, MHFP. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas

Se se analiza o gasto liquidado en cultura polas administracións locais segundo o destino do gasto, pódese comprobar na seguinte táboa que a partida en que máis se gastou foi na de promoción cultural, tanto nos concellos coma nas deputacións. No conxunto das administracións locais supuxo un 51,3% do gasto total, cun incrementouse dun 10,8% con respecto a

2018. Nos concellos esta partida supuxo un 39,1% e incrementouse nun 14,3% e nas deputacións foi un 57,1%, aínda que apenas aumentou con respecto ao ano anterior. No caso dos concellos a segunda partida orzamentaria na que máis se gastou foi a dedicada festas populares e festexos (un 22,5% do gasto total), mentres que nas deputacións foi na partida de equipamentos culturais e museos (un 23,9% do gasto total).

Gasto liquidado en cultura polas administracións locais segundo o destino do gasto en Galicia

	2018			2019		
	Total	Concellos	Deputacións	Total	Concellos	Deputacións
Total	188.607	149.993	38.034	202.566	166.470	35.625
Protección e xestión do patrimonio histórico-artístico	10.204	6.053	4.151	7.858	5.718	2.140
Arquivos	2.169	693	1.475	2.491	775	1.716
Bibliotecas públicas	15.553	14.470	1.083	16.717	15.433	1.284
Equipamentos culturais e museos	26.372	16.606	9.767	27.919	19.402	8.517
Festas populares e festexos	32.928	32.918	0	37.604	37.443	156
Promoción cultural	77.147	56.914	20.	85.454	65.073	20.359
Administración xeral de cultura	24.234	22.339	1.366	24.524	22.626	1.454

Fonte: MCUD. Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, MHFP. Estadística de Liquidación de los Presupuestos de las Comunidades Autónomas

Turismo cultural

Como era esperable por mor da pandemia, tan só un 5,1% da poboación galega realizou algunha viaxe por motivos culturais durante o ano 2020, un 17,9% menos que no ano anterior. Na seguinte táboa, que dá conta da evolución da porcentaxe de poboación que realizou viaxes culturais nos últimos cinco anos, apréciase a baixada que se experimentaba en todo o Estado no ano 2017, mentres que 2018 e 2019 son anos positivos para o turismo cultural en xeral, con datos de crecemento.

Evolución da porcentaxe de poboación que realiza viaxes principalmente por motivos culturais, segundo a comunidade autónoma de orixe

	2016	2017	2018	2019	2020
Total España	31,0	26,9	31,5	36,2	10,0
Andalucía	25,5	23,3	26,1	31,1	10,2


DOCUMENTOS DE TRABAJO

Aragón	33,5	34,9	42,7	42,6	9,3
P. Asturias	30,9	23,1	29,5	30,3	5,3
I. Baleares	30,9	31,3	35,1	31,0	9,8
Canarias	17,8	14,3	16,9	23,7	3,9
Cantabria	35,9	28,3	29,9	36,2	7,9
Castela e León	30,4	25,9	36,1	42,8	12,6
Castela-A Mancha	28,3	22,5	26,6	35,2	9,6
Cataluña	31,5	24,9	33,2	39,1	9,2
C. Valenciana	30,7	29,4	30,1	33,9	10,7
Estremadura	27,3	26,6	27,6	28,8	9,3
Galicia	23,4	20,0	23,1	23,0	5,1
C. Madrid	44,1	39,1	41,2	48,6	13,2
R. Murcia	21,7	25,4	27,6	31,8	8,8
C. F. Navarra	42,0	30,0	42,6	39,9	11,0
País Vasco	42,1	28,5	38,2	44,0	16,0
A Rioxa	31,4	26,6	38,6	36,8	7,9
Ceuta	22,0	-	19,9	27,4	7,9
Melilla	16,8	16,3	22,4	18,9	4,5


Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILIAR)

Este descenso vai acompañado dunha importante caída do total de viaxes realizadas, as cales diminuíron un 63,6% en Galicia e un 57,6% na media estatal. Ao extrapolar estes datos ás viaxes por motivos principalmente culturais, acentúase esta baixada, cunha caída dun 77,6% na comunidade galega e un 72% no total de España. Como se mostra nas gráficas que van a continuación, a contracción tamén é maior tanto na porcentaxe de viaxes culturais sobre o total, como nas realizadas por ocio, recreo ou vacacións.

Porcentaxe de viaxes culturais sobre o total de viaxes



Porcentaxe de viaxes culturais sobre o total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

O descenso das viaxes implica unha redución do gasto. Entre os anos 2019 e 2020 a diminución media do Estado é dun -78,8%, con varias comunidades que superan o -80%. O gasto dos residentes en Galicia pasou de 305,8 millóns de euros a 64,3, un 79% menos.

Comparativa do gasto en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais segundo a comunidade autónoma de orixe (millóns de euros)

	2019	2020	Decremento
Total España	9.085,4	1.921,8	-78,8
Andalucía	1.214,8	335,8	-72,4
Aragón	294,5	45,1	-84,7
P. Asturias	168,5	23,4	-86,1
I. Baleares	231,7	74,3	-67,9
Canarias	366,1	44,4	-87,9
Cantabria	98,9	18,7	-81,1
Castela e León	458,8	110,8	-75,9
Castela-A Mancha	305,6	60,4	-80,2
Cataluña	1.773,3	346,9	-80,4
C. Valenciana	947,0	203,2	-78,5
Extremadura	127,8	27,7	-78,3
Galicia	305,8	64,3	-79,0
C. Madrid	1.828,9	329,7	-82,0
R. Murcia	229,3	54,0	-76,5
C. F. Navarra	122,7	26,8	-78,2
País Vasco	524,3	134,0	-74,4


DOCUMENTOS DE TRABAJO

A Rioxa	65,5	17,0	-74,0
Ceuta	9,9	2,8	-71,7
Melilla	12,1	2,3	-81,0


Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

A contracción do gasto é maior nas viaxes realizadas por motivos principalmente culturais respecto ao total de viaxes (9,8 puntos menos no conxunto do Estado e 7,4 en Galicia) e ás viaxes por ocio, recreo ou vacacións (-15,2 no total de España e -10,9 na comunidade galega).

Porcentaxe respecto ao gasto total en viaxes




Porcentaxe respecto ao gasto en viaxes por ocio, recreo ou vacacións



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

Pola súa banda, un 5,2% dos residentes en España que realizaron viaxes culturais nacionais elixiu como destino Galicia, o que a sitúa na quinta posición de preferencia xunto coa Comunidade Valenciana. Andalucía segue a ser a máis atractiva para os viaxeiros e concentra o 16,7%, seguida de Castela e León (9,2%), a Comunidade de Madrid (8,7%) e Cataluña (5,6%).

Porcentaxe de viaxes de residentes en España realizadas en 2020 principalmente por motivos culturais, segundo a comunidade autónoma de destino



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

En 2020 descendeu o número de viaxes culturais realizadas a Galicia polos residentes en España un 57,1%, nun contexto en que a redución do total das viaxes culturais foi dun 72%. Con todo, a comunidade galega absorbeu o 5,2% do total desas viaxes, a maior porcentaxe do quinquenio estudado. As viaxes por motivos culturais a Galicia supuxeron o 11,4% do total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións e o 4,6% do total de viaxes, ambas as cotas por debaixo das de 2019.

Evolución da porcentaxe de viaxes de residentes en España realizadas principalmente por motivos culturais, segundo o destino (miles)

	2016	2017	2018	2019	2020
Total viaxes	14.419,4	12.531,7	14.689,6	16.983,9	4.751,9
Galicia	501,6	537,1	518,4	573,8	246,3
Porcentaxe	3,5	4,3	3,5	3,4	5,2
<i>En % respecto ao total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións</i>					
Total	16,8	12,8	14,7	17,0	10,0
Galicia	14,2	13,1	12,5	12,7	11,4


En % respecto ao total de viaxes

Total	7,9	6,5	7,5	8,8	4,7
Galicia	5,2	5,2	5,2	5,7	4,6

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

Galicia foi en 2020 o terceiro destino en que os residentes en España gastaron máis en viaxes culturais, 110,1 millóns de euros, cantidade superada só por Andalucía (245,5 millóns) e a Comunidade de Madrid (124,6 millóns). Con todo, a comunidade galega ingresou a metade que o ano anterior, nunha situación xeral na que o gasto total en viaxes por motivos principalmente culturais diminuíu en máis de 7.160 millóns de euros. A seguinte gráfica dá conta do gasto efectuado segundo a comunidade de destino.

Gasto total de residentes en España en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais en 2020, segundo o destino (millóns de euros)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

Ao analizar a evolución do gasto dos residentes en España en viaxes culturais entre 2016 e 2020, obsérvase un aumento xeneralizado deste en 2019, tanto no total de viaxes culturais coma nas realizadas dentro do conxunto estatal e tamén en practicamente todas as comunidades autónomas de destino. Pola contra, o ano 2020 recolle as consecuencias da crise sanitaria e experimenta unha fonda redución do gasto, tal e como mostra a seguinte táboa de evolución.


Comparativa autonómica do gasto total de residentes en España en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais segundo o destino (millóns euros)

	2016	2017	2018	2019	2020
Total	7.339,0	6.747,7	7.779,6	9.085,4	1.921,8
España	2.830,1	2.375,5	2.726,7	3.014,7	1.131,6
Andalucía	570,3	480,0	599,3	686,3	245,5
Aragón	97,5	84,5	120,3	128,1	49,3
P. Asturias	105,5	92,9	92,4	90,4	56,2
I. Baleares	75,7	44,6	42,1	51,8	14,4
Canarias	89,6	107,7	83,5	119,8	51,7
Cantabria	91,1	71,1	87,8	95,4	39,5
Castela e León	284,7	221,3	265,5	316,9	108,5
Castela-A Mancha	139,1	97,3	123,3	133,8	51,5
Cataluña	290,6	219,4	234,5	208,9	80,0
C. Valenciana	162,2	116,6	138,4	135,4	57,3
Extremadura	79,9	67,6	85,9	116,3	40,1
Galicia	172,2	208,9	194,8	220,2	110,1
C. Madrid	385,4	343,0	379,3	395,2	124,6
R. Murcia	-	29,8	22,6	22,2	24,3
C. F. Navarra	37,4	37,3	43,4	52,8	21,1
País Vasco	193,8	120,2	170,4	197,7	50,6
A Rioxa	26,5	32,4	36,2	27,4	6,9

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

A gráfica que se mostra a continuación ilustra os efectos da pandemia no gasto en viaxes culturais segundo o destino.

Caída do gasto dos residentes en España en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais, entre os anos 2019 e 2020, segundo o destino (millóns euros)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

Como se comentou con anterioridade, o gasto dos residentes en España en viaxes culturais a Galicia reduciuse á metade entre 2019 e 2020. Con todo, a comunidade galega acaparou neste último ano un 5,7% do total desembolsado nestas viaxes no conxunto estatal, o maior índice porcentual da serie estudada. A porcentaxe do gasto en viaxes culturais respecto ao total das realizadas por ocio, recreo ou vacacións con destino Galicia foi dun 18,7% e dun 10,1% en relación ao total de viaxes de calquera tipo, como mostra a seguinte táboa.

Evolución do gasto total de residentes en España en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais segundo o destino (millóns de euros)

	2016	2017	2018	2019	2020
Total	7.339,0	6.747,7	7.779,6	9.085,4	1.921,8
Galicia	172,2	208,9	194,8	220,2	110,1
Porcentaxe	2,3	3,1	2,5	2,4	5,7

En % respecto ao gasto en viaxes por ocio, recreo ou vacacións

Total	31,4	26,0	27,6	31,5	16,3
Galicia	22,4	21,9	20,4	22,2	18,7
<i>En % respecto ao gasto total en viaxes</i>					
Total	17,7	15,3	16,6	18,9	9,1
Galicia	10,5	11,4	11,0	11,9	10,1

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Turismo de Residentes (ETR/FAMILITUR)

Museos e coleccións museográficas

En Galicia existen 85 museos censados, dos cales 83 cubriron a enquisa, dous menos que na estatística anterior de 2018. Esta cifra supón un 5,6% da totalidade de museos e coleccións museográficas de toda España. A estatística indica que en Galicia hai en 2020 un total de catro museos menos: un de belas artes e tres etnográficos e antropolóxicos, que son os máis abundantes nesta comunidade (ambas as dúas tipoloxías contabilizan o 37,3% da totalidade de museos de Galicia). Ademais contabilízanse dous novos museos: un especializado e un de historia.


Cifra de museos e coleccións museográficas por tipoloxía

	2018		2020	
	España	Galicia	España	Galicia
TOTAL	1.461	85	1.474	83
Arqueolóxico	191	6	188	6
Arte contemporánea	133	4	130	4
Artes decorativas	24	2	25	2
Belas artes	185	15	196	14
Casa-Museo	84	8	87	8
Ciencia e tecnoloxía	63	4	62	4
Ciencias naturais e historia natural	58	1	59	1
De sitio	36	0	37	0
Especializado	156	8	163	9
Etnografía e antropoloxía	250	20	248	17
Xeral	134	10	133	10
Historia	145	7	144	8
Outros	2	0	2	0

Fonte: MCUD. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas

A seguinte gráfica mostra os datos relativos a un indicador moi relevante como é o do número de museos por 100.000 habitantes en todas as comunidades autónomas e no conxunto de España. Segundo estes datos, en Galicia hai 3,1 museos por cada 100.000 habitantes, cifra que é case idéntica

á do conxunto de España. Esta cifra duplica a de Cataluña, que resulta ser a que ten menos museos por 100.000 habitantes.



Fonte: MCUD. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas

Galicia perdeu case 1,2 millóns de visitantes de museos entre os anos 2018 e 2020, unha caída dun 62,7%, o mesmo que sucedeu no resto das comunidades autónomas, cunha perda global dun 68,9%, máis de 45 millóns de visitantes. Como era de esperar, o descenso de visitantes estranxeiros tamén é relevante, cunha redución de 3 puntos porcentuais na comunidade galega e 4,2 no conxunto estatal, como mostra a seguinte táboa.

Visitantes de museos por comunidade autónoma

	2018		2020	
	Total	Estranxeiros en % do total	Total	Estranxeiros en % do total
España	65.402.970	14,1	20.365.712	9,9
Andalucía	7.877.680	10,3	2.335.248	6,7
Aragón	1.229.214	10,5	585.757	2,3
P. Asturias	1.024.465	7,7	390.931	2,2
I. Baleares	3.251.443	6,5	800.477	6,7
Canarias	2.197.562	30,6	553.035	23,3
Cantabria	558.461	15,3	190.831	1,4
Castela e León	3.608.594	11,5	1.129.295	7,4
Castela-A Mancha	3.627.267	7,6	1.129.194	7,2



Cataluña	11.069.612	-	2.514.081	-
C. Valenciana	5.212.372	12,2	1.835.761	4,4
Estremadura	1.137.409	5,1	529.970	12,4
Galicia	1.876.975	6,4	700.268	3,4
C. Madrid	17.816.035	14,5	6.158.439	12,6
R. Murcia	1.029.412	18,3	294.991	9,9
C. F. Navarra	214.417	15,8	86.203	5,6
País Vasco	3.185.976	40,7	1.024.482	24,9
A Rioxa	332.189	15,8	67.496	3,0
Ceuta	45.378	1,6	14.457	0,8
Melilla	108.509	9,9	24.796	5,6

Fonte: MCUD. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas

O persoal adscrito a museos e coleccións museográficas en Galicia aumentou entre os anos 2018 e 2020 en 15 persoas, cunha lixeira suba da porcentaxe de mulleres. Pola contra, a maior parte das comunidades autónomas viu recortado o seu persoal, cunha baixada global en España de 447 persoas. Andalucía, País Vasco, Castela e León e o Principado de Asturias son as comunidades xunto con Galicia e as cidades autónomas nas que aumentou este tipo de persoal.

Persoal adscrito en museos e coleccións museográficas segundo o sexo

	2018		2020	
	España	Galicia	España	Galicia
Total	14.955	729	14.508	744
Homes (%)	45,2	44,2	44,9	44,0
Mulleres (%)	54,8	55,8	55,1	56,0

Fonte: MCUD. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas

A porcentaxe adscrita a tempo completo aumentou en 2,7 puntos porcentuais en Galicia e en 2,1 no conxunto estatal.

Persoal adscrito en museos e coleccións museográfica segundo o tipo de xornada

	2018		2020	
	España	Galicia	España	Galicia
Total	14.955	729	14.508	744
A tempo completo (%)	71,3	70,6	73,4	73,3
A tempo parcial	28,7	29,4	26,6	26,7

Fonte: MCUD. Estadística de Museos y Colecciones Museográficas

Patrimonio cultural

Na seguinte táboa detállanse as cifras de bens mobles e inmobles inscritos como bens de interese cultural en 2020 nas distintas comunidades autónomas e no conxunto de España. En Galicia hai máis bens mobles que inmobles declarados BIC. Concretamente, os bens mobles en Galicia supoñen un 89,2% e no conxunto do Estado, un 56,5%.

Se se fai unha comparación dos BIC por comunidades autónomas, pódese comprobar que Galicia ocupa o segundo posto na cifra total de bens de interese cultural de toda España, despois de Andalucía, e o primeiro posto cando se trata de bens mobles.

Bens mobles e inmobles inscritos como bens de interese cultural por comunidade autónoma (2020)

	Bens mobles	Bens inmobles	Total BIC
Total España	23.342	17.981	41.323
Andalucía	6.272	3.634	9.906
Aragón	69	848	917
P. Asturias	72	412	484
I. Baleares	1.299	3.084	4.363
Canarias	2.030	562	2.592
Cantabria	31	325	356
Castela e León	155	1.460	1.615
Castela-A Mancha	254	852	1.106
Cataluña	501	2.477	2.978
C. Valenciana	1.003	1.376	2.379
Extremadura	330	309	639
Galicia	6.589	801	7.390
C. Madrid	602	504	1.106
R. Murcia	1.798	554	2.352
C. F. Navarra	2.244	203	2.447
País Vasco	91	288	379
A Rioxa	2	186	188
Ceuta	0	95	95
Melilla	0	11	11

Fonte: MCUD. Subdirección General de Registros y Documentación del Patrimonio Histórico

Se se fai unha comparativa evolutiva, obsérvase que en Galicia se incrementou o número de bens inmobles declarados ou incoados como BIC, mentres que os bens mobles non variaron. No conxunto de España, diminuíu a cifra de bens mobles e aumentou a de inmobles.

Evolución do número de bens mobles e inmoables inscritos como bens de interese cultural

	ESPAÑA		GALICIA	
	2019	2020	2019	2020
<i>Bens mobles</i>				
Total	23.400	23.342	6.589	6.589
Declarados	15.535	15.537	1.751	1.751
Incoados	7.865	7.805	4.838	4.838
<i>Bens inmoables</i>				
Total	17.199	17.981	770	801
Declarados	15.610	16.432	688	715
Incoados	1.589	1.549	82	86

Fonte: MCUD. Subdirección General de Registros y Documentación del Patrimonio Histórico

Constátase que en Galicia se incrementaron os BIC en todas as categorías, excepto en conxuntos históricos que non varían, mentres que no conxunto de España aumentaron en todas as categorías, especialmente en sitios históricos.

Evolución do número de bens mobles e inmoables inscritos como bens de interese cultural por categoría

	ESPAÑA		GALICIA	
	2019	2020	2019	2020
Conxunto histórico	929	977	50	50
Xardín histórico	82	88	5	7
Monumento	13.563	13.921	634	644
Sitio histórico	450	722	68	80
Zona arqueolóxica	2.175	2.273	13	20
TOTAL	17.199	17.981	770	801

Fonte: MCUD. Subdirección General de Registros y Documentación del Patrimonio Histórico

Artes escénicas e musicais

Galicia conta con 94 espazos escénicos teatrais estables, dos que o 83% son de titularidade pública. Madrid (41,9%), Cataluña (40,4%) e Cantabria (40%) son as comunidades que dispoñen dunha maior porcentaxe de teatros privados, tal como mostra a táboa que vai a continuación.

Espazos escénicos teatrais segundo a titularidade. Comparativa autonómica (2020)

	Total	Pública	Privada
Total España	1.719	70,6	27,9
Andalucía	219	79,0	18,3


Aragón	40	65,0	32,5
P. Asturias	33	81,8	15,2
I. Baleares	56	67,9	30,4
Canarias	57	86,0	14,0
Cantabria	20	60,0	40,0
Castela e León	84	71,4	25,0
Castela-A Mancha	71	91,5	7,0
Cataluña	394	57,9	40,4
C. Valenciana	145	77,2	22,8
Extremadura	44	84,1	13,6
Galicia	94	83,0	16,0
C. Madrid	289	57,4	41,9
R. Murcia	50	80,0	20,0
C. F. Navarra	31	80,6	16,1
País Vasco	79	82,3	15,2
A Rioxa	11	90,9	9,1
Ceuta	1	100,0	0,0
Melilla	1	100,0	0,0

Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas

Galicia é a quinta comunidade con maior número de espazos escénicos estables (94), aínda que bastante distanciada doutras autonomías como Cataluña (394), Andalucía (219), Madrid (289) e Valencia (145). A comunidade galega conta cunha media de 3,5 espazos por cada 100.000 habitantes, practicamente igual ca a media do conxunto estatal (3,6). Por riba de 5 atópase Cataluña, e Navarra, Baleares, Madrid e Extremadura teñen máis de 4 espazos teatrais por 100.000 habitantes, como se pode observar na seguinte gráfica.



**Espazos escénicos teatrais estables por 100.000 habitantes.
Comparativa autonómica (2020)**



Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas


O número de compañías de teatro na comunidade galega oscilou lixeiramente durante o período analizado, cun aumento de 14 compañías máis en 2020 que en 2016. As 243 compañías galegas que existen na actualidade supoñen o 5,6% do conxunto do Estado, no que hai que salientar que só as comunidades madrileña e catalá acaparan o 44,3% do total de compañías.

Evolución do número de compañías de teatro

	2016	2017	2018	2019	2020
Total España	3.743	3.966	4.144	4.252	4.329
Galicia	229	236	236	242	243
Porcentaxe	6,1	6,0	5,7	5,7	5,6


Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas

No relativo ao número de representacións teatrais, o ano 2020 pon fin a un período de crecemento practicamente xeneralizado en todo o Estado. Neste último ano de estudo, na comunidade galega representouse case un 52% menos de obras, mentres que a baixada no total de España foi dun 49,2%. Madrid e Cataluña seguen a ser as autonomías en que se escenifica o maior número de obras, xa que entre ambas as dúas absorben o 55,3% de todas as representacións nacionais. A seguinte gráfica mostra o paralelismo evolutivo entre o total de España e Galicia entre 2016 e 2020.



Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas

Un dos indicadores que mostra a maior repercusión da crise sanitaria reflíctese no número de espectadores de teatro, que experimenta unha forte caída en 2020 en toda España. Entre 2019 e 2020 Galicia perdeu máis de 300.000 espectadores.

Evolución do número de espectadores de representacións de obras teatrais (miles)

Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas

Esta caída de espectadores repercute directamente nos datos de recadación. Todas as autonomías sen excepción sufriron perdas moi importantes en 2020, cuantificadas no total España en case 147 millóns de euros. A comunidade galega pasou de algo máis de 4,3 millóns de euros en 2019 a 1,3 en 2020, unha baixada dun 71,3%. A seguinte táboa dá conta da evolución autonómica dos datos.

Evolución da recadación de representacións de obras teatrais (miles de euros) por comunidade autónoma


	2016	2017	2018	2019	2020
Total España	200.949	202.301	204.793	207.394	60.918
Andalucía	11.243	10.930	11.158	11.327	2.722
Aragón	2.877	2.783	2.727	2.725	1.093
P. Asturias	1.810	1.852	1.888	1.925	415
I. Baleares	1.448	1.544	1.619	1.695	516
Canarias	4.705	5.058	5.242	5.436	1.712
Cantabria	924	986	1.005	1.025	310
Castela e León	3.152	3.077	3.086	3.095	929
Castela-A Mancha	1.996	2.071	2.138	2.216	695
Cataluña	40.675	40.249	40.693	41.143	14.320
C. Valenciana	9.726	9.884	10.119	10.359	2.245
Extremadura	556	569	554	564	171
Galicia	4.206	4.280	4.299	4.353	1.252

C. Madrid	103.065	104.174	105.292	106.413	29.946
R. Murcia	2.284	2.315	2.340	2.367	704
C. F. Navarra	1.593	1.625	1.638	1.654	493
País Vasco	9.833	10.035	10.108	10.188	3.120
A Rioxa	726	754	763	773	236
Ceuta e Melilla	130	114	125	135	39

Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas


O gasto medio por espectador en Galicia en 2020 foi de 11,8 euros, o máis elevado do quinquenio analizado, unha tendencia idéntica á experimentada no conxunto estatal, que acadou os 19,6 euros. Esta suba é xeneralizada en todas as autonomías a excepción de Castela e León, Asturias, Valencia e Andalucía.

Evolución do gasto medio por espectador de obras teatrais (euros)




Fonte: MCUD. Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música. Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música. Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos de las Artes Escénicas

Pola súa parte, no ano 2020 organizáronse en Galicia 590 concertos de música clásica, un 52,6% menos que en 2019, unha situación derivada, como se vai constatando ao longo deste estudo, da crise sanitaria e o confinamento da poboación. Todas as comunidades autónomas sen excepción experimentaron este forte descenso, cunha baixada global no conxunto estatal dun 54% entre 2019 e 2020 (de 16.252 a 7.472 concertos).



Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*


Esta caída do número de concertos de música clásica reflíctese na recadación, cunha perda na comunidade galega en 2020 de máis dun millón de euros (un 72,5% menos que en 2019). Ao igual que sucedía no apartado anterior, a baixada foi xeneralizada en todas as autonomías, cunha perda global no conxunto do Estado de case 34 millóns de euros (un 73,6%).



Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*


Á baixada do número de concertos e á caída da recadación hai que engadir o descenso do número de espectadores. Como era de prever, os tres indicadores mostran unha evolución practicamente idéntica. Galicia perdeu un 79,1% de espectadores de concertos de música clásica entre 2019 e 2020 (de 287.000 pasou a 60.000), unha porcentaxe moi similar á do conxunto estatal, que perdeu o 79,3%, un total de 4 millóns de espectadores.

Evolución do número de espectadores de concertos de música clásica (miles)




Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

O gasto medio por espectador de concertos de música clásica en Galicia subiu no quinquenio estudado 3 euros, dos cales 1,6 euros corresponden ao ano 2020. Este aumento foi xeneralizado en todas as autonomías, cun crecemento no conxunto do estado de 6,1 euros (2,4 en 2020).

Evolución do gasto medio por espectador de concertos de música clásica (euros)

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

En canto ao xénero lírico, o número de representacións segue coa tendencia de baixada xeneralizada dun 70,8% na comunidade galega e dun 71,6% no conxunto estatal. Coma en casos anteriores, todas as autonomías experimentaron este descenso.

Evolución das representacións de xénero lírico

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

As consecuencias deste descenso de representacións afectan tanto ao número de espectadores como á recadación e ao gasto medio por espectador. En 2020 houbo en Galicia 14.000 espectadores menos de xénero lírico, cun descenso de máis dun 80% da recadación, unha porcentaxe moi


similar á do conxunto estatal, no que se perderon un total de 700.000 espectadores. O gasto medio por espectador aumentou 2,5 euros na comunidade galega e 9,7 no total de España. A seguinte táboa dá conta da evolución destes indicadores.

Evolución doutros indicadores de actividade das representacións de xénero lírico en Galicia

	2016	2017	2018	2019	2020
Espectadores (miles)	13	14	15	16	2
Recadación (miles de euros)	132	145	152	160	28
Gasto medio por espectador (euros)	10,3	10,3	9,9	9,8	12,3

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

A evolución das representacións de danza segue a mesma traxectoria. Tras a lixeira suba experimentada entre 2016 e 2019, de novo a crise sanitaria provoca en 2020 un descenso de máis da metade do número de funcións en Galicia (50,7%) e dun 49,4% no conxunto estatal e unha baixada xeneralizada en todas as autonomías.



Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

A repercusión deste descenso esténdese aos principais indicadores. O número de espectadores baixou en 2020 un 77,4% en Galicia e un 75,3% no conxunto do Estado, mentres que a recadación caeu na nosa comunidade un 73,2%, 5 puntos porcentuais máis que no total España. O gasto medio por espectador aumenta en todas as autonomías, cunha media estatal de 2,7 euros e de 0,7 euros en Galicia.

Evolución de indicadores de actividade das representacións de danza en Galicia

	2016	2017	2018	2019	2020
Espectadores (Miles)	29	28	29	31	7
Recadación (Miles de euros)	161	158	163	168	45
Gasto medio por espectador (Euros)	5,6	5,6	5,5	5,4	6,1

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

En canto á música popular, se ben o 2019 fora un bo ano, cun crecemento xeneralizado do número de concertos en practicamente todas as comunidades autónomas, en 2020 reduciuse drasticamente o número de concertos, ben por cancelación ou ben porque foron adiados. Na seguinte táboa poden verse os datos sobre a evolución do número de concertos de música popular por comunidades autónomas.

Evolución dos concertos de música popular por comunidade autónoma

	2016	2017	2018	2019	2020	Dif. 2020/2019
Total España	88.259	87.924	89.440	91.106	45.306	-50,3
Andalucía	21.122	20.741	20.932	21.140	8.689	-58,9
Aragón	5.872	5.733	5.878	6.029	1.868	-69,0
P. Asturias	1.199	1.260	1.330	1.385	634	-54,2
I. Baleares	5.743	5.859	6.009	6.203	3.942	-36,5
Canarias	1.207	1.310	1.366	1.425	825	-42,1
Cantabria	671	650	686	711	341	-52,0
Castela e León	2.839	2.906	3.011	3.116	1.591	-48,9
Castela-A Mancha	1.288	1.338	1.402	1.467	729	-50,3
Cataluña	12.397	11.912	12.124	12.365	6.407	-48,2
C. Valenciana	4.237	4.336	4.451	4.581	2.320	-49,4
Extremadura	512	529	551	572	321	-43,9
Galicia	3.559	3.543	3.585	3.658	1.942	-46,9

DOCUMENTOS DE TRABAJO



C. Madrid	22.187	22.255	22.408	22.592	12.578	-44,3
R. Murcia	971	1.015	1.057	1.099	521	-52,6
C. F. Navarra	1.045	1.074	1.100	1.126	551	-51,1
País Vasco	3.018	3.052	3.122	3.192	1.827	-42,8
A Rioxa	317	325	334	347	173	-50,1
Ceuta e Melilla	75	86	94	98	47	-52,0

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

En canto aos espectadores dos concertos de música ao vivo, como cabería esperar, a cifra caeu nunha media dun 80% en 2020. Así, no conxunto de España reduciuse nun 79% e en Galicia aínda se reduciu máis (82,8%). A seguinte táboa reflicte os datos sobre a evolución do número de espectadores por comunidade autónoma.

Evolución dos espectadores dos concertos de música popular por comunidade autónoma

	2016	2017	2018	2019	2020	Dif. 20/19
Total España	25.360.739	26.801.312	27.750.340	28.273.977	5.938.249	-79,0
Andalucía	4.851.914	5.090.793	5.260.659	5.359.344	1.052.680	-80,4
Aragón	1.141.455	1.157.056	1.159.382	1.157.411	195.170	-83,1
P. Asturias	1.160.841	1.191.790	1.215.674	1.290.600	146.917	-88,6
I. Baleares	400.380	464.594	489.836	527.483	199.043	-62,3
Canarias	532.336	598.702	620.064	622.735	191.998	-69,2
Cantabria	362.444	358.742	382.512	396.362	75.079	-81,1
Castela e León	1.384.024	1.467.656	1.567.428	1.640.808	375.760	-77,1
Castela-A Mancha	587.890	672.155	656.521	719.430	98.018	-86,4
Cataluña	4.604.128	4.520.380	4.591.037	4.609.701	1.109.892	-75,9
C. Valenciana	2.134.133	2.355.187	2.429.972	2.397.605	347.355	-85,5
Estremadura	366.882	395.179	446.917	453.469	82.274	-81,9
Galicia	1.261.514	1.349.640	1.463.170	1.504.856	259.023	-82,8
C. Madrid	3.854.887	4.302.389	4.478.706	4.506.689	1.187.013	-73,7
R. Murcia	522.245	582.376	615.262	654.043	122.970	-81,2
C. F. Navarra	310.714	327.806	338.509	334.955	76.270	-77,2
País Vasco	1.702.129	1.734.501	1.790.230	1.847.811	359.964	-80,5
A Rioxa	143.577	27.750.340	179.444	183.458	47.437	-74,1
Ceuta e Melilla	39.246	59.293	65.017	67.217	11.387	-83,1

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

No que respecta á recadación, obsérvanse maiores diferenzas entre as distintas comunidades autónomas. Se ben no conxunto de España a recadación de 2020 se reduciu nun 73,1% con respecto a 2019 e en Galicia nun 76,9%, houbo comunidades autónomas como Castela–A Mancha ou a Comunidade Valenciana que perderon máis do 90% da recadación do ano anterior. No outro extremo, nas Illas Baleares ou nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, a recadación dos concertos de música popular viuse reducida en menos da metade da acadada no ano anterior.

No caso de Galicia, cómpre salientar a redución da recadación en 2020, despois de que en 2019 se conseguira a cifra máis elevada da serie histórica, cun incremento dun 67,7% en catro anos. Pasouse de recadar case 18 millóns de euros en 2019 a non chegar aos cinco millóns en 2020.

Evolución da recadación dos concertos de música popular por comunidade autónoma

	2016	2017	2018	2019	2020	Dif 20/19
Total España	297.619.290	330.372.823	358.191.625	382.495.679	102.331.640	-73,2
Andalucía	45.238.670	50.970.163	54.022.772	57.205.762	18.239.022	-68,1
Aragón	9.869.073	10.363.371	10.286.198	9.895.587	4.183.919	-57,7
P. Asturias	11.405.576	11.896.057	13.281.719	14.429.943	1.478.531	-89,8
I. Baleares	4.012.628	4.254.311	4.641.397	4.828.317	2.863.102	-40,7
Canarias	8.661.818	9.373.640	9.878.458	9.867.263	4.771.837	-51,6
Cantabria	3.006.055	3.266.024	3.575.106	3.665.127	490.163	-86,6
Castela e León	11.739.394	11.425.486	12.921.121	13.090.381	3.711.429	-71,6
Castela-A Mancha	12.469.715	12.128.400	12.808.904	15.243.555	1.166.449	-92,3
Cataluña	66.279.841	67.175.355	68.177.641	74.532.485	21.420.246	-71,3
C. Valenciana	40.852.242	48.733.496	54.907.430	57.394.806	5.422.858	-90,6
Extremadura	2.990.924	3.004.992	4.768.658	4.764.095	2.120.816	-55,5
Galicia	10.675.213	12.741.398	15.634.633	17.899.969	4.135.592	-76,9

C. Madrid	40.280.751	52.646.813	60.419.075	64.526.393	20.253.797	-68,6
R. Murcia	5.963.767	6.988.432	7.224.433	7.680.645	2.863.102	-62,7
C. F. Navarra	2.789.090	3.380.277	3.438.681	3.275.579	1.060.408	-67,6
País Vasco	20.309.521	20.548.044	20.558.248	22.386.805	5.302.041	-76,3
A Rioxa	960.395	1.333.470	1.491.826	1.644.073	742.286	-54,9
Ceuta e Melilla	114.616	143.095	155.326	164.898	106.041	-35,7

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

Por último, a seguinte táboa mostra a evolución dos indicadores do número de espectadores por concerto, que pasa de 411,4 espectadores en 2019 a 133,4 en 2020, a cifra de recadación por concerto, que se reduce a máis da metade acadada en 2019, e o prezo medio da entrada dos concertos, que, en contraste, se incrementou en 3,1 euros en 2020 con respecto a 2019 e case se duplicou con respecto a 2016.

Evolución dos indicadores de actividade da música popular en Galicia

	2016	2017	2018	2019	2020
Espectadores/concerto	354,5	380,9	408,1	411,4	133,4
Recadación por concerto	2.999,5	3.596,2	4.361,1	4.893,4	2.129,6
Entrada media	8,5	9,4	10,7	11,9	16,0

Fonte: Sociedad General de Autores y Editores. *Anuario de las Artes Escénicas, Musicales y Audiovisuales*

Contabilidade trimestral

As contas económicas trimestrais de Galicia constitúen unha estatística de síntese de carácter conxuntural que ten como obxectivo proporcionar unha descrición cuantitativa do conxunto da actividade económica galega mediante a elaboración dun cadro macroeconómico que ofrece o ritmo de crecemento do PIB galego e das súas compoñentes.

Os resultados do último trimestre dispoñibles son os seguintes:

	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV
PIBpm	-1,6	18,9	6,2	9,3
Demanda				
Gasto en consumo final	-1,7	16,2	4,3	6,7
Gasto dos fogares e ISFLSF	-3,5	19,8	3,4	8,8
Gastos das AA.PP.	2,9	8,3	6,6	1,8
Formación bruta de capital	-4,9	19,0	-1,4	-1,6
Demanda interna (en termos nacionais) (*)	-2,2	16,3	3,3	5,2
Exportación de bens e servizos	7,5	49,7	5,5	14,0
Importación de bens e servizos	6,8	45,8	0,5	7,2
Oferta (VEB)				
VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-2,8	1,9	1,2	1,3
VEB. Industria	1,1	22,0	9,6	14,3
VEB. Industria manufactureira	0,2	29,7	4,4	8,3
VEB. Construción	-1,7	8,0	-3,9	-1,8
VEB. Servizos	-2,2	18,1	5,8	9,0
VEB. Comercio, transporte e hostalaría	-8,4	48,0	14,0	27,6
VEB. Información e comunicacións	-4,7	1,2	1,7	5,3
VEB. Actividades financeiras e de seguros	-8,5	2,1	0,4	2,0
VEB. Actividades inmobiliarias	-0,4	0,0	0,5	0,8
VEB. Actividades profesionais	1,8	28,8	-1,7	-0,7
VEB. Administración pública, sanidade e educación	3,9	5,0	5,3	2,0
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,4	49,0	3,0	6,1
Impostos netos sobre os produtos	-1,9	42,2	14,0	14,8
VEB. Servizos non de mercado	5,0	6,0	4,1	1,4
Remuneración dos asalariados (RA)	-2,3	21,0	3,2	
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	-0,9	13,8	7,2	
Impostos netos sobre a produción e as importacións	-1,8	35,7	16,5	

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Como se pode apreciar, as actividades culturais, que se atopan recollidas principalmente en “Información e comunicación” e nas “Actividades artísticas, recreativas e outros servizos”, experimentan un crecemento importante. As primeiras, que inclúen a maior parte das actividades audiovisuais e de edición, creceron un 5,3%. As segundas, que comprenden as actividades artísticas e os espectáculos, medraron un 6,1%. Trátase dunha evolución importante, pero afastada do 9% que crecen os servizos en conxunto, impulsados principalmente polas actividades de comercio, transporte e hostalaría, ou da industria, que medra un 14,3%.



Conclusións

Tal e como se podería prever, a maioría de indicadores estatísticos publicados nos últimos meses e que teñen 2020 como ano de referencia reflicten as consecuencias negativas da pandemia para a cultura.

O número de compañías teatrais non variou en 2020 con respecto ao ano anterior, pero houbo un descenso moi importante de representacións (-52%), espectadores (-76%) e recadación (-71%). Ademais este descenso, produciuse despois dun período de crecemento sostido. Da mesma maneira, a música popular tamén amosa unha contracción moi importante despois duns anos de evolución positiva, pois perdéronse máis de 1,2 millóns de asistentes a concertos e 13 millóns de euros de recadación. A situación de descenso xeneralizado de todos os indicadores tamén se repite na música clásica, na ópera e o resto do xénero lírico e na danza.

Os visitantes aos museos galegos foron 1,2 millóns menos en 2020 con respecto ao último ano de referencia, un descenso do 62,7%, algo menor que o do conxunto de España (68,9%). En contraste, o 2020 non supuxo unha perda de emprego nos museos galegos, fronte a un pequeno descenso no conxunto de España.

En canto aos BIC, os datos de 2020 indican un incremento do número de bens inmobles declarados e incoados respecto de 2018, sen que se producise variación no número de bens mobles.

Pola súa banda, o turismo cultural viuse moi afectado en 2020. Con todo, o descenso das viaxes de españois que viñeron a Galicia atraídos pola cultura en 2020 foi inferior (-57%) ao do conxunto das viaxes culturais realizadas no Estado (-72%). En consonancia, o gasto tamén descendeu á metade, aproximadamente, o que supuxo unha perda de 110 millóns de euros.

En contraste con isto, o gasto das familias en cultura en 2020 experimentou un excepcional crecemento en Galicia de 34,4 millóns de euros. As razóns, ligadas ás medidas tomadas durante a crise sanitaria, débense a que, malia que o gasto en servizos culturais, en xeral, e espectáculos, en particular, descendeu claramente, a caída foi proporcionalmente menor en Galicia que no conxunto do Estado (en parte porque se partía tamén de contías menores) e, sobre todo, porque aumentou de maneira clara o gasto en soportes, equipos e accesorios audiovisuais e de tratamento da

información (+23,40 € por persoa), tamén en publicacións periódicas (+2,80 €) e, especialmente, en libros (+13,50 €) por persoa.

Os datos máis recentes indican unha tendencia á recuperación, desigual duns ámbitos da cultura a outros e con diferenzas segundo sexa a natureza dos indicadores manexados.

O gasto en cultura e promoción da lingua orzamentado pola Administración autonómica para 2022 sitúase en 106,5 millóns de euros. Trátase dun lixeiro incremento con respecto a 2021 (un 2,2%) nun contexto en que o gasto xeral se contraeu principalmente polo descenso do gasto en débeda pública. O incremento das partidas relacionadas coa cultura é proporcionalmente inferior ao total do gasto en educación ou turismo, pero superior ao doutras actuacións como deporte ou xustiza. A Administración autonómica destinou un 0,81% do seu gasto total á cultura.

Pola súa banda, o gasto en cultura das administracións locais contraeuse un 1,7% na última anualidade dispoñible, para situarse en 194,9 millóns de euros, mentres que o gasto total aumentou lixeiramente. A Administración local destina un 6,73% dos seus recursos a cultura. O gasto en cultura das administracións locais en conxunto (concellos e deputacións) é moi superior ao da Administración autonómica, tanto en termos relativos como absolutos.

A maior parte do gasto liquidado en cultura da Administración autonómica son os salarios do persoal, que supoñen un 31,5% do total. O gasto principal da Administración local son os gastos correntes, que son máis da metade (52,4%) do total. Unha parte importante do gasto dos concellos destinouse a festas populares e festexos (un 22,5% do gasto total) e unha parte significativa do gasto das deputacións a equipamentos culturais e museos (23,9%).

O emprego cultural sitúase a finais de 2021 en 34.700 persoas, cifra similar á que había antes da pandemia. Os datos da Seguridade Social indican tamén unha recuperación importante en 2021, certa estabilidade no que vai de 2022 e un comportamento especialmente positivo das actividades relacionadas co audiovisual.

O ritmo de creación de empresas culturais entre marzo de 2021 e marzo de 2022 é similar ao que se produce no total de empresas. Con todo,

.....

o número de empresas creadas é algo inferior ao que se deu no mesmo período antes da pandemia.

O sector exterior, pese a non ter un comportamento lixeiramente negativo nos últimos meses na desagregación por produtos, acaba de pechar 5 anos de incrementos consecutivos, impulsado pola edición e as actividades de creación, artísticas e espectáculos.

Os prezos, que no índice xeral empezaron a subir de maneira clara a partir do segundo trimestre de 2021, tardaron algo máis en afectar á cultura. O impacto tamén é menor, dado que os equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información seguen en taxas negativas e os produtos que soben fano en menor contía que o conxunto da cesta da compra. Os produtos que máis acusan a suba en 2022 son os relacionados co libro e a prensa, posiblemente impulsados polo encarecemento xeral de subministracións.

A confianza dos consumidores mellorou moito nos últimos trimestres, pero é importante destacar como no primeiro trimestre de 2022 baixa o número de fogares que prevén poder asistir a algún espectáculo relacionado coa cultura.

Como síntese, o cadro macroeconómico segue apuntando a unha recuperación importante das actividades culturais no último trimestre de 2021 en termos de valor engadido bruto, pero con crecementos inferiores ao conxunto dos servizos ou da industria.